



As mulleres reinan en Landereina

Carme Vidal
Imaxe: SG

No mapa sitúase a localización Landereina, o reino da fantasía no que Sabela González constrúe unha historia con druidas, ananos, amazonas, centauros e elfos. *Bágoa de lúa* (Galaxia) é o primeiro volume dunha triloxía que nos acerca a un universo no que o poder e a felicidade están en xogo.

A felicidade periga no reino de Landeireina. O destino destoe mundo fantástico, situado ao sur das montañas Kaili e da cadea Sophsiw, pode estar nas mans de Berenguela. Un exército escuro avanza co fin de destronar os Gheiroez e arrebatara a Pedra de Lua, o que lle dará o dominio sobre Landeireina. A escritora Sabela González tirou un día do fio e a historia foise tecendo até dar na triloxía da que agora publica o primeiro volume. Con *Bágoa de Lua* ofrece a súa primeira achega literaria e adianta o que serán os seus seguintes libros: unha historia que constrúe un universo propio. no que a fantasía é a protagonista deste primeiro proxecto literario.

Berenguela, a protagonista, naceu un bo día, e aos poucos fóronse sumando mulleres que teñen unha sólida presenza no relato. "Non foi algo decidido. Escribín o que me apetecía, e é certo que a maioría son mulleres; alágrame que iso fose así, que teñan relevancia literaria", explica a autora.

A escrita literaria acompaña desde moi nova a biografía de Sabela González. Canda a escrita de poemas e textos breves, foron nacendo notas e cadernos que apuntaban a creación dun reino propio, no que a fantasía se deixaba levar e sorprendía á propia autora. "Foi medrando e a historia case se me foi das mans. Na fin, a triloxía foi a fórmula máis axeitada para a edición, e procura tamén gardar a emoción e a tensión do público lector", conta a autora.

Ao seu ver, *As crónicas de Landereina*, título do proxecto literario, non están escritas para unha idade definida, mais o seu carácter fantástico de seguro que atopa boa acollida para un público entre os 12 e 18



Sabela González



anos. "Que podo achegar? Nin ben o sei, mais as aventuras sempre nos axudan a evadirnos. Entreteñen, e a historia destaca valores coma a amizade e a perseverancia", explica Sabela.

Como calquera reino que se prece. Landeiraira ten o seu mapa. O que inicia o primeiro volume está debuxado pola propia autora. "Escribir e debuxar fanme feliz e agardo o momento no que lle poida dedicar máis tempo", comenta Sabela González. A historia do reino xa está toda na súa cabeza: é ela quen ten as claves do fin que o público lector buscará a través dos tres libros, que agarda que se vaian publicando un por ano. Ai rematará a historia de Berenguela e o destino de Landeiraira. "A historia resolverase, e case estou certa de que non haberá continuidade. Hai que mudar de escenario", comenta a escritora.